

A Fundación SGAE, ante a demanda de contidos no ámbito audiovisual, e fronte á necesidade de crear un marco promocional para estes que potencie a calidade da creación dos autores e das autoras deste sector, convoca o

XXIII Premio de Guión para Longametraxe Julio Alejandro 2026

bautizado así en honra do insigne guionista e dramaturgo español, cuxa obra tivo tanta repercusión sobre o cine iberoamericano.

BASES

- 01** Poderán presentarse a este certame todos os autores socios e as autoras socias da SGAE, con afiliación en exclusividade, de calquera nacionalidade. Nos casos de coautoría, todos os coautores e coautoras deberán ser socios(as) da SGAE en exclusividade, sen excepción. Quedan excluídos desta convocatoria os membros da Xunta Directiva da SGAE e do Padroado da Fundación SGAE, así como os autores e autoras premiados nas tres edicións precedentes deste certame. Poderán presentarse, así mesmo, autores(as) que no momento da súa solicitude estean en trámites de se daren de alta na SGAE. Nesta circunstancia, será condición indispensable para resultar seleccionado(a) ter alcanzado a condición de socio(a) da SGAE a máis tardar o 1 de xaneiro de 2026. En caso de proxectos en coautoría, todos os coautores e coautoras deberán ser socios da SGAE a 1 de xaneiro de 2026. A Fundación SGAE verificará coa SGAE se a alta se produciu á citada data.
- 02** Os guións presentados, escritos en calquera das linguas oficiais do Estado español, deberán ser totalmente orixinais, inéditos e para longametraxes de ficción, sen que se acepte ningunha clase de adaptación de obras do mesmo autor ou autora ou doutros autores ou autoras. A obra presentada non pode estar rodada nin atoparse comprometida con empresa audiovisual ningunha para o devandito fin, dende o momento da súa presentación ao certame e ata a resolución do xurado. Igualmente, queda excluído deste certame todo guión que fose premiado nalgún outro concurso con anterioridade á súa presentación ao XXIII Premio SGAE de Guión para Longametraxe Julio Alejandro ou durante o período comprendido entre a súa presentación ao premio e a súa resolución.

03 Non se admitirán sinopses, tratamentos nin guións inacabados. Os orixinais deberán presentarse nalgún dos formatos convencionais que se empregan na profesión cinematográfica, e cunha extensión probable de metraxe adecuada ás filmacións habituais en España e Iberoamérica. Para estes efectos, prégase tratar o texto por presentar coas condicións recomendables para garantir a súa lexibilidade e estimación de duración (letra Courier 12 ou similar, aliñación á esquerda, texto en duplo interliñado, formato PDF, secuenciación correcta...); aquelas obras que carezan dunha presentación profesionalmente adecuada poderán ser descualificadas a xuízo do xurado.

04 Os(As) concursantes presentarán a súa candidatura ao certame **a través de correo electrónico**, anexando á mensaxe arquivos coa obra e a documentación pertinente. Co fin de preservar o anonimato dos autores e autoras, o documento do texto da obra presentárase unicamente con indicación do título, que neste caso actuará como lema, e non poderá figurar, en ningunha parte do texto, referencia á identidade do(s) autor(es) ou autora(s).

A documentación completa para concurso constará dos seguintes arquivos (en formato PDF):

- **Arquivo co texto da obra para o concurso, sen ningunha identificación de autoría.** No caso de que a obra presentada a concurso estea nalgunha das linguas oficiais do Estado español distinta do castelán, o(s) autor(es) e ou autor(as) poderá(n) incluír unha tradución ao castelán para que poida ser utilizada por aqueles membros do xurado que non estean familiarizados coa lingua orixinal da obra. Se o(s) autor(es) ou autora(s) non inclúe(n) a mencionada tradución ao castelán, a Fundación SGAE quedará autorizada a realizar a citada tradución para os únicos efectos de servir de instrumento de traballo para os membros do xurado. As mencionadas traducións serán destruídas á finalización da resolución do premio.

- **Arquivo que actúa como plica, titulado «Plica – [título da obra]», no que se deben incluír dixitalizados os seguintes documentos:** certificado de inscrición (provisional ou definitivo) do guión nun rexistro da propiedade intelectual, DNI ou pasaporte do(a) concursante ou concursantes, ficha de inscrición cuberta e anexa a estas bases, e breve currículo do(a) concursante ou concursantes. Aquelas persoas que estean en trámites de alta como socias da SGAE deberán achegar, así mesmo, un documento que acredite a súa solicitude de alta.

A ausencia de calquera destes documentos suporá a descualificación do(a) concursante.

05 Toda a documentación requirida deberá remitirse por correo electrónico a **iarmada@fundacionsgae.org** dende o **21 de outubro ata o 30 de novembro de 2025 (ambos os dous inclusive)**, baixo o enunciado que segue, no asunto da mensaxe: «XXIII Premio SGAE de Guión Julio Alejandro – Obra para concurso».

06 O xurado do premio (designado pola Fundación SGAE) **estará integrado por autores, autoras e profesionais do medio cinematográfico**. A Fundación SGAE procurará, na medida do posible, que entre os membros do xurado haxa algúns profesionais que falen as linguas oficiais do Estado español distintas do castelán. O xurado escollerá tres finalistas, que se anunciarán a finais do mes de febreiro de 2026. A resolución definitiva do xurado do premio comunicárase nun acto público antes de concluír o primeiro trimestre de 2026.

07 O premio non pode declararse deserto, e a decisión do xurado será inapelable. No suposto de que exista empate de votos entre os membros do xurado, o(a) presidente(a) poderá facer uso do seu voto de calidade.

08 Este certame conta **cun premio único dotado con trinta mil euros (30.000 €)**. Se a obra presentada é de coautoría, o importe será repartido por partes iguais entre os coautores ou coautoras. Ademais, **os dous finalistas recibirán cinco mil euros (5.000 €)** pola súa designación como tales. Estas contías serán sometidas á tributación que marque a lexislación vixente.

09 O(s) autor(es) ou autora(s) premiados comprométense a que no asinamento de contratos de cesión posteriores á concesión do premio conste explicitamente que nas copias da longametraxe por realizar, tanto en soporte cinematográfico como videográfico, ou en calquera outro tipo de soporte ou material promocional daquela, figure a mención **«XXIII Premio SGAE de Guión para Longametraxe Julio Alejandro 2026»** e o logotipo da Fundación SGAE.

- 10** Os arquivos das obras non seleccionadas como finalistas serán destruídos a partir da notificación do texto premiado. Non se manterá ningunha correspondencia sobre estes.
- 11** Os(As) participantes, polo feito de concorrer a esta convocatoria, aceptan integramente estas bases, así como as decisións do xurado.
- 12** Os(As) participantes eximen a Fundación SGAE de calquera responsabilidade derivada de plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente na que puidesen incorrer.
- 13** No caso de reclamación ou conflito, tanto os(as) participantes como a organización deberán someterse á xurisdición dos tribunais de Madrid capital.

ENVÍO DE MATERIAIS

iarmada@fundacionsgae.org

INFORMACIÓN

As persoas interesadas poderán consultar ou ampliar a información sobre estas bases en:

informacion@fundacionsgae.org
iarmada@fundacionsgae.org

Tel. 91 503 68 00

www.fundacionsgae.org
www.sgae.es



fundación sgae



XXIII Premio **sgae** de Guión
para Longametraxe Julio Alejandro 2026

FICHA DE INSCRICIÓN

Nome(s)

Apelidos

Número(s) de socio(a)

Título

Domicilio

Código postal

Localidade

Provincia/País

Teléfono(s)

Correo electrónico

O(s) autor(es) ou autora(s) que presenta(n) esta solicitude de inscrición para participar no XXIII Premio SGAE de Guión para Longametraxe Julio Alejandro 2026.

MANIFESTA(N):

1. Que voluntariamente presenta(n) a(s) súa(s) solicitude(s) para participar no XXIII Premio SGAE de Guión para Longametraxe Julio Alejandro 2026.
2. Que leu(leron) e coñece(n) as bases da devandita convocatoria e asume(n) o seu contido. Para estes efectos, acompaña(n) o seu currículo e o seu documento de identidade.
3. Que sabe(n) que, para a xestión da súa participación nesta convocatoria do XXIII Premio SGAE de Guión para Longametraxe Julio Alejandro 2026, se requirirá o tratamento dos seus datos de carácter persoal pola Fundación SGAE con miras a realizar todas as xestións de carácter administrativo necesarias para a súa participación no concurso e para a selección do gañador ou gañadora e dos(das) finalistas polo xurado.

Por todo o exposto, **CONSINTE(N) EXPRESAMENTE:**

En que a FUNDACIÓN SGAE trate os datos de carácter persoal, que constan neste escrito e no currículo con que acompaña(n) a solicitude de participación na convocatoria do XXIII Premio SGAE de Guión para Longametraxe Julio Alejandro 2026, con miras a realizar todas as xestións de carácter administrativo necesarias para a súa participación no concurso e para a selección do gañador ou gañadora e dos(das) finalistas polo xurado.

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais, así como na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e nas disposicións complementarias, sabe(n) que pode(n) exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade e o dereito a non ser obxecto de decisións individuais de forma automatizada ante a FUNDACIÓN SGAE dirixindo un escrito aos Servizos Xurídicos da **Fundación SGAE** ao domicilio social da entidade, na rúa Bárbara de Braganza, nº 7, 28004, Madrid (España), indicando o(s) seu(s) nome(s), apelidos, DNI, domicilio, dereito exercitado e as súas razóns.

Sinatura(s) da(s) persoa(s) solicitante(s):

Sr(a). Sr(a).